

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O INEGA PROMOVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN SOBRE A NORMATIVA ENERXÉTICA EDIFICATORIA MEDIANTE UN CONVENIO CON FEGAFÓN

- ***Co desenvolvemento destas actuacións trátase de formar, informar e concienciar aos axentes implicados e aos afectados polo novo regulamento da edificación co fin de propiciar que se consuma menos enerxía e dunha forma máis racional neste sector produtivo***

Santiago, 1 de febreiro de 2010.- O Instituto Enerxético de Galicia, organismo que dirixe Eliseo Diéguez adscrito á Consellería de Economía e Industria, promoverá ao longo dos vindeiros meses a realización de xornadas divulgativas e de cursos de formación complementaria sobre a nova Normativa Enerxética Edificatoria para difundir o coñecemento do procedemento de certificación enerxética de edificios, do novo Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE) e do Documento Básico de Aforro de Enerxía do Código Técnico da Edificación (CTE), co fin último de incentivar o aforro e a eficiencia enerxética, así como de fomentar o uso racional da enerxía no sector da edificación.

O Inega desenvolverá estas actuacións, no marco de colaboración global que ten co IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía), ao abeiro dun convenio asinado coa Federación Galega de Asociacións de Fontanería, Calefacción e Afíns (Fegafón).

Mediante o devandito acordo, Fegafón recibirá do Inega un orzamento de 30.000 euros para levar adiante un programa de formación, sempre de acordo coas condicións técnicas e requisitos de base fixados polo Instituto dirixido por Diéguez.

Con estas actividades trátase de formar, informar e concienciar aos axentes implicados e aos afectados pola nova normativa enerxética edificatoria para propiciar que se consuma menos enerxía e dunha forma máis racional no sector da edificación e minimizar así o alto consumo enerxético que presenta este ámbito. En Europa o sector da edificación presenta un consumo de enerxía final que se sitúa nunha media de entre o 35% e o 40% do gasto enerxético total, o que motivou que as directivas europeas neste campo se traspuxeran aos diferentes estados membros para que cada un a través da súa lexislación puxera en práctica as medidas de aforro e eficiencia enerxética propostas nas correspondentes directivas. En España estas transposicións realizáronse a través do CTE, do Real Decreto de Certificación Enerxética de Edificios e do RITE.

Fegafón, entidade representativa do sector en Galicia, deberá elaborar, para a súa aprobación polo Inega, as propostas de actuacións formativas establecidas no convenio (programa, datas, destinatarios, orzamento, publicidade, etc.) e facer figurar a imaxe corporativa do Instituto en toda a documentación.

Así mesmo deberá poñer á disposición do Inega todas as súas instalacións para a realización de calquera actividade de tipo formativo ou divulgativo que este organismo desexe facer no ámbito da Normativa Enerxética Edificatoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA